

MEMORIA DO EXERCICIO 2015

ORGANIZACIÓN E ACTIVIDADE

1.- INTRODUCCIÓN.

De conformidade co establecido no Plan Xeral de Contabilidade Pública Local (Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución de Modelo Normal de Contabilidade Local), a Memoria completa, amplía e comenta a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais.

A Memoria consta de 28 apartados axustándose aos modelos que se establecen na Terceira Parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local anexo á Instrución, aínda que para este exercicio 2015, dado que se trata do primeiro dos exercicios nos que se aplicará o novo Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local, reflíctense determinadas especialidades, de conformidade co disposto na disposición transitoria segunda I.C.:

"Las cuentas anuales relativas al ejercicio 2015 se elaborarán teniendo presente lo siguiente:

- 1. No se reflejarán en el balance, en la cuenta del resultado económico patrimonial ni en el resto de estados que incluyan información comparativa, las cifras relativas al ejercicio o ejercicios anteriores.*
- 2. En la memoria se incluirá una nota adicional con el siguiente contenido:*

"29. Aspectos derivados de la transición a las nuevas normas contables.

A efectos de clarificar el proceso de transición de la contabilidad del ejercicio 2014 a la del ejercicio 2015, se aportará la siguiente información:

- 1. Un estado de conciliación que ponga de manifiesto la correspondencia existente entre los saldos recogidos en el asiento de apertura de la contabilidad del ejercicio 2015 y los que hubiesen figurado en el de cierre de la contabilidad del ejercicio 2014.*
- 2. El balance, la cuenta del resultado económico-patrimonial y el Remanente de Tesorería incluidos en las cuentas del ejercicio 2014.*
- 3. Una descripción de los ajustes realizados en cumplimiento de lo previsto en el apartado 2 de la disposición transitoria anterior, indicando para cada uno de ellos:*

Identificación del asiento.

Motivo de su realización.

Criterios contables aplicados para el ejercicio contable 2015 y diferencias con los que se aplicaron en el ejercicio anterior.

Cuantificación del impacto que produce en el patrimonio neto de la entidad el cambio de criterios contable.

Cualquier otra circunstancia que se considere relevante para clarificar la realización del asiento."



En aplicación de dito artigo, incorpórase no apartado 29 da memoria da Conta Xeral 2015:

- ✓ Un estado de conciliación, coa correspondencia entre os saldos recollidos no asento de apertura da contabilidade do exercicio 2015 e os que figuraban no peche da contabilidade do exercicio 2014.
- ✓ O Balance, a conta do resultado económico- patrimonial e o Remanente de Tesourería incluídos nas contas do exercicio 2014.

Tal como se sinala na Disposición transitoria mencionada, os estados mencionados no parágrafo anterior non conteñen, de forma excepcional para o 2015, os datos correspondentes ao exercicio precedente 2014.

Non se incorpora, sen embargo, o apartado terceiro do punto 29, por canto non foron realizados axustes mencionados no apartado 2 da disposición transitoria primeira. Isto débese, precisamente, ás limitacións mencionadas no reflexo dos elementos patrimoniais, o que unido á insuficiencia de medios persoais e materiais impediu calquera traballo de axuste mencionado na citada disposición.

A información que se integra na presente Memoria pódese obter da páxina "web" municipal e dos datos oficiais e publicacións do INE e do propio Concello de Santiago de Compostela.

De conformidade co previsto no artigo 209 do TRLRHL e a Regra 44.2 da Instrución Modelo Normal de Contabilidade Local, a Conta Xeral da Entidade, estará integrada pola Conta da propia Entidade, a Conta dos Organismos Autónomos, as contas anuais das Sociedades Mercantís de Capital integramente propiedade da Entidade Local e as contas anuais das entidades públicas empresariais. Cada un dos suxeitos contables a que se refire o apartado anterior, deberá elaborar as súas propias contas anuais. Os suxeitos contables que van integrar a Conta Xeral da Entidade Local son os seguintes:

- Concello de Santiago de Compostela
- Organismo Autónomo de carácter administrativo: Auditorio de Galicia.
- Sociedades mercantís de capital integramente municipal:
 - Transportes Urbanos de Santiago, S.A. (TUSSA)
 - Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA)

As contas do Concello de Santiago e do Organismo Autónomo "Auditorio de Galicia" están integradas por:

- a) Balance
- b) Conta de resultado económico- patrimonial
- c) Estado de cambios no patrimonio neto
- d) Estado de fluxos de efectivo
- e) Estado de Liquidación do Orzamento
- f) Memoria

Ademais, como documentación complementaria, achégase á Conta Xeral a que enumera a Regra 48 da Instrución Normal de Contabilidade Local:

- Os documentos a que se refire ao Regra 45.3, isto é, Actas de Arqueo das existencias en Caixa referidas ao fin de exercicio e notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nestas da entidade local ou do organismo autónomo, referidos co fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria. En caso de discrepancia entre os saldos contables e os bancarios, achegarase o oportuno estado conciliatorio, autorizado polo Interventor ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade. No caso do Concello de Santiago, non se detectaron diferenzas entre os saldos contables e os saldos reflectidos nas certificacións expedidas por cada entidade financeira.
- Contas anuais das sociedades mercantís en cuxo capital social teña participación maioritaria a entidade local: no noso caso, achégase as contas anuais da sociedade "Mercados centrais de abastecemento de Santiago, Mercagalicia S.A. " en cuxo capital participa de forma maioritaria o Concello de Santiago de Compostela.
- Contas anuais da "Fundación Refuxio de Animais". Como novidade da actual Instrución de Contabilidade (regra 48.1), preceptúase a inclusión das Contas anuais de aquelas unidades dependentes da entidade local incluídas no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira non comprendidas no apartado anterior nin integradas na Conta Xeral. No caso do Concello de Santiago, xa dende a conta do exercicio 2014, pasouse a incluír como documentación complementaria, as Contas anuais da "Fundación Refuxio de Animais", segundo documentación remitida e coas limitacións que sinala o informe de Intervención. Este ente forma parte do Sector Público Local do Concello de Santiago de Compostela en aplicación do artigo 2.1e) do *Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais* establece: "1.Se consideran integrantes do Inventario de Entes do Sector Público Local: e) as institucións sen ánimo de lucro que estean controladas ou financiadas maioritariamente por algún ou varios dos suxeitos enumerados neste artigo". O propio Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, ten incluído á Fundación Refuxio de Animais coma ente pertencente ó Sector Público Local do Concello de Santiago, o cal xunto coa redacción da Instrución de Contabilidade actualmente vixente e antes enunciada, implica a obrigatoriedade de que tales contas se remitan, como documentación complementaria á Conta Xeral.

Respecto das contas desta última entidade, hai que sinalar que as mesmas non foron obxecto dun control financeiro como tal por parte da Intervención municipal, tal como se explicou en diversos informes de Intervención ás últimas Contas Xerais, reiterándose neste exercicio similares consideracións ao respecto; durante o ano 2014 e 2015 estiverónse a realizar actuacións comprobatorias formais destas contas e



incluso se lles ten solicitado á reformulación das contas do ano 2013 e do ano 2014 á Fundación Refuxio de Animais aos efectos de incluír as instalacións cedidas polo Concello, tal como se fai constar no informe da Intervención número 2015/4 de 12 de xaneiro 2015.

As contas provisionais que se presentan do exercicio 2015, das que non consta aprobación por órgano competente, presentan resultados negativos de explotación. A mesma situación plantexouse nos exercicios 2014 e 2013; lembrar a este respecto o informe 525/2015 de 17 de xullo.

Atendendo o apartado dous da Disposición adicional novena da Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade Local, e no marco do análise que se están a analizar as implicacións que se derivan do feito de que esta fundación presente resultados de explotación negativos durante os dous últimos anos .

En canto á natureza e réxime desta fundación, indicar que esta fundación de interese público creouse por acordo plenario do Concello de Santiago o 29 de outubro de 2005 e actualmente se rexe polos seus estatutos aprobados o 30 de xuño de 2005 e modificados o 30 de marzo de 2006. De acordo co artigo 1 e 9 ter dos mesmos, o seu ámbito territorial é o municipio de Santiago de Compostela, sen prexuízo de que estenda as súas actuacións aos concellos limítrofes que o soliciten, previo acordo dos seus plenos e establecendo as achegas aos gastos de funcionamento. Na actualidade, e tal como consta na Memoria de Actividades da conta 2015, funciona coma centro de acollida dos municipios de Santiago, Vedra e Teo, se ben durante algúns anos a fundación tamén estendía a súa actividade ata os concellos de Ames, Brión e Boqueixón.

- Memoria xustificativa do custo e rendemento dos servizos públicos. Segundo o sinalado na regra 48.3 da I.C.,

"Los municipios con población superior a 50.000 habitantes y las demás entidades locales de ámbito superior acompañarán, además, a la Cuenta General:

- a) Una Memoria justificativa del coste y rendimiento de los servicios públicos.*
- b) Una Memoria demostrativa del grado en que se hayan cumplido los objetivos programados con indicación de los previstos y alcanzados con el coste de los mismos".*

Si ben no exercicio anterior incorporouse a Memoria de custos dos servizos formulada de acordo co establecido na Orden HAP/2075/2014 de 6 de novembro (BOE 7 de novembro de 2014) pola que se establecen os criterios de cálculo do custe efectivo dos servizos prestados polas entidades locais, neste exercicio a mesma será obxecto de elaboración independente antes do 1 de novembro, prazo sinalado ao efecto no artigo 15.2 da Orden HAP/2105/2012 de 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Neste exercicio, e por razón de limitacións materiais e de persoal, incorpórase a memoria xustificativa do



custe e rendemento dos servizos públicos simplificada coa mesma estrutura e información que a contida en contas anuais anteriores ao 2014.

Non se pode, sen embargo, proceder á incorporación da Memoria demostrativa do grao en que se teñan cumprido os obxectivos programados con indicación dos previstos e alcanzados co custe dos mesmos, por canto esta Corporación non ten fixados obxectivos máis aló da aplicación da estrutura orzamentaria aplicable ás entidades locais.

2.- INFORMACIÓN DE TIPO XERAL

Santiago de Compostela é unha cidade media no contexto do sistema urbano de Galicia, situado no corredor urbano que conforma a autoestrada do Atlántico, entre as provincias de A Coruña e Pontevedra, no noroeste de España e o seu termo municipal ten unha extensión de 220 km². A súa imaxe urbana está estreitamente vinculada ao seu Patrimonio Histórico e ao culto relixioso profesado ao Apóstolo Santiago, sendo a cidade cultural por excelencia da Comunidade Autónoma de Galicia, ligada á centralidade que representa o patrimonio cultural europeo do “Camiño de Santiago” (primeiro itinerario cultural Europeo 1987 Consejo de Europa), declarado por si mesmo Patrimonio da Humanidade no ano 1993 pola UNESCO e a súa finalización na cidade.

Aséntase sobre o monte Pedroso e o monte Viso, circundada polos ríos Sar e Sarela.

É ademais a capital da Comunidade Autónoma de Galicia, situada a 65 quilómetros ao sur de A Coruña a cuxa provincia pertence e a 62 quilómetros ao norte de Pontevedra. Inclúe os antigos municipios de Conxo (incorporado en 1925) e Enfesta (incorporado en 1962).

A sede do goberno autónomo galego, a Xunta de Galicia e o Parlamento, se ubican en Compostela, sendo igualmente sede da arquidiocese, distrito universitario onde ten sede a USC e do partido xudicial homónimos.

Como capital de Galicia goza do estatuto xurídico especial regulado na Lei 4/2002 do 25 de xuño do Estatuto da Capitalidade, con réxime financeiro singularizado de dotación económica específica e singularizada nos orzamentos da Comunidade autónoma.

A cidade está declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO dende o ano 1985; este feito comprometeu a firme vontade municipal de impulsar un proxecto integral de planificación, renovación e reordenación urbana.

O conxunto da cidade histórica de Compostela, patrimonio da Humanidade, está a súa vez integrada por elementos edificatorios que, con diverso valor de protección, deben ser conservados entre os que se encadran con protección especial un total son 1.813 edificios que representan no entorno do 60% dos existentes na Cidade



Histórica. Os esforzos municipais pola conservación e mantemento do patrimonio cultural que representa a cidade, foron recompensados pola obtención de diversos premios internacionais de recoñecido prestixio entre os que se conta o significado “premio europeo de urbanismo-98” concedido pola Comisión Europea na categoría de planificación urbana; o premio Gubbio da Asociación nacional de centros históricos artísticos (ANCSA) 1996 e no mesmo ano o premio Europa Nostra pola política de rehabilitación no centro histórico, o “Torre Guinigi” polos traballos de recuperación urbana no ano 2001, e o premio DUBAIT. Conferencia “Hábitat” de boas prácticas das Nacións Unidas, entre outros, así como diversos premios á protección ambiental.

2.1.- DEMOGRAFIA.

A evolución demográfica da poboación de dereito do municipio de Santiago de Compostela recóllese no cadro que se insire a continuación (INE).

AÑOS	1991	2001	2004	2008	2011	2012	2013	2014	2015
POBOACIÓN DE DEREITO	87.807	90.188	92.298	95.092	95.207	95.671	96.041	95.800	95.612

Santiago contou no ano ao que se refire a Conta Xeral que se formula cunha poboación de dereito de 95.612 habitantes, o que supuxo unha diminución do 0,1962% con respecto á do ano 2014, a maioría concentrada no núcleo urbano, do total de poboación, 44.388 (46,43%) eran varóns e 51.224 (53,57%) mulleres, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE).

2.2.- ORGANIZACIÓN TERRITORIAL.

O municipio de Santiago comprende as seguintes parroquias:

- Aríns (San Martín)
- Bando (Santa Eulalia)
- Barciela (San Andrés)
- Busto (San Pedro)
- Carballar (San Xulián)
- O Castiñeiriño (Nosa Sra. de Fátima)
- Cesar (Santa María)
- Conxo (Santa María)
- Eixo (San Cristóbo)
- Enfesta (San Cristóbo)
- Fecha (San Xuan)
- Fecha (Santa Cristina)
- Figueiras (Santa María)



- Grixoa (Santa María)
- Laraño (San Martín)
- Marantes (San Vicente)
- Marrozos (Santa María)
- Nemenzo (Santa Cristina)
- Sabugueira (San Paio)
- Santiago (Divino Salvador de Vidán)
- Santiago (San Caetano)
- Santiago (San Fructuoso de Afora)
- Santiago (San Lázaro)
- Santiago (San Xuan de Afora)
- Santiago (San Lázaro)
- Santiago (Santa María da Pelegrina)
- Verdía (Santa Mariña)
- Villestro (Santa María).

2.3.- ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.

Os alcaldes do Concello de Santiago de Compostela tras as eleccións democráticas de 1979, foron os seguintes:

MANDATO	NOME DO ALCALDE	PARTIDO POLÍTICO
1979-1983	José Antonio Souto Paz (hasta 1981)/ Marcial Castro Guerra	UCD / UCD
1983-1987	Xerardo Estévez Fernández (hasta 1986)/ Ernesto Viétez Cortizo	PSdeG-PSOE / AP
1987-1991	Xerardo Estévez Fernández	PSG-PSOE
1991-1995	Xerardo Estévez Fernández	PSG-PSOE
1995-1999	Xerardo Estévez Fernández (hasta 1998) / Xosé Antonio Sanchez Bugallo	PSG-PSOE
1999-2003	Xosé Antonio Sánchez Bugallo	PSG-PSOE
2003-2007	Xosé Antonio Sánchez Bugallo	PSG-PSOE
2007-2011	Xosé Antonio Sánchez Bugallo	PSG-PSOE
2011-	Gerardo Conde Roa (ata 2012) / Ángel Currás Fernández (ata 2014)/ Agustín Hernández Fernández de Rojas	PPdeG
2015 (dende o 1 de xaneiro ata 13 de xuño de 2015)	Agustín Hernández Fernández de Rojas	PPdeG
2015(dende o 13 de xuño ata a data)	Martiño Noriega Sánchez	Compostela Aberta



A corporación municipal está integrada por 25 concelleiros que lle corresponden por poboación; como resultado das eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015, a distribución quedou en 10 concelleiros do grupo Compostela Aberta, 9 do grupo do Partido Popular, 4 do grupo de PSdeG-PSOE e 2 do grupo do BNG, sendo Compostela Aberta o que ostenta o actual goberno, grupo ao que pertence o Alcalde.

O Concello réxese na súa estrutura organizativa polo disposto na LBRL, pola Lei 4/2002 do estatuto da capitalidade e polo seu regulamento de organización interno axeitado ao seu réxime ao establecido xuridicamente para os municipios de gran poboación na súa condición de capital de Galicia.

Os órganos superiores confórmanos o Alcalde e os membros da Xunta de Goberno Local.

Durante o ano 2015 asumiron o cargo o alcalde D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, que o viña ostentando dende o 9 de xullo de 2014 ata o 13 de xuño de 2015, data na que tomou posesión do cargo D. Martiño Noriega Sánchez, tralas eleccións municipais celebradas o 24 de maio dese ano.

A Xunta de Goberno está composta por seis membros, todos eles pertencentes grupo Compostela Aberta e presídea o Alcalde. Están nomeadas tres Tenzas de Alcaldía.

A estrutura organizativa do goberno municipal compúxose no 2015 das seguintes concellarías delegadas:

Na primeira metade do ano, baixo o mandato do Partido Popular:

- Area de Servizos Sociais.
- Economía.
- Cultura e Patrimonio
- Facenda.
- Desenvolvemento Urbano e Sostible.
- Réxime Interior e Administración Pública.
- Seguridade e Mobilidade
- Medio rural e Relacións Veciñais
- Barrios, servizo de recollida de lixo e limpeza viaria, Brigada de vías e obras.
- Servizos de obras e proxectos
- Relacións Institucionais
- Xuventude e Deportes.



A distribución por concellerías tralos resultados electorais de maio as concellarías delegadas quedaron do seguinte xeito:

- Concellería de Economía e Facenda
- Concellería de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade
- Concellería de Acción Cultural
- Concellería de Medio Ambiente e Convivencia
- Concellería de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde
- Concellería de Educación e Cidadanía
- Concellería de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo
- Concellería de Medio Rural e Equilibrio Territorial
- Concellería de Mocidade, Deporte e Benestar Animal

A partires de xuño de 2015 as Comisións informativas dependentes do Pleno da Corporación constituídas foron as seguintes:

- Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e especial de Contas
- Comisión de Urbanismo, Infraestrutura, Vivenda e Medio Ambiente.
- Comisión da Área Social, Cultura e Servizos.
- Comisión de Participación, Igualdade e Transparencia
- Comisión especial de suxestións e reclamacións.
- Comisión asesora do Casco Histórico.

Ademais tamén hai o consello asesor de condecoracións, as comisións provincial de saneamento, de escolarización, de patrimonio histórico artístico, participación en distintas fundacións ...

A Alcaldía non fixo uso da facultade que lle atribúe o artigo 126.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora da Facendas Locais e non nomeou membros da Xunta de Goberno Local que non tivesen a condición de Concelleiros.

A Lei 11/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, deu unha nova redacción ao artigo 73 deste último corpo legal, facultando ás Corporacións Locais para que puidesen asignar, con cargo ao seu Presuposto anual, unha dotación económica a favor dos diferentes grupos políticos e obrigando a estes a levar unha "contabilidade específica" da dotación económica asignada, que debe estar a disposición do Pleno da Corporación, se este órgano a solicitase.

O importe que corresponde a cada grupo municipal, vén establecido na Disposición Adicional Segunda das Bases de Execución do Orzamento, asignándose



unha cantidade fixa mensual de 450,00 euros por grupo e 450,00 euros por cada concelleiro pertencente a estes. No ano 2015 a dotación asignada económica total asignada foi de 151.200,00 euros, consignada na aplicación orzamentaria 010.91200.48900, do Orzamento municipal.

En canto aos dereitos económicos dos membros da Corporación a partires da constitución da nova corporación, dos membros do goberno, nove tiveron dedicación exclusiva: o alcalde máis oito concelleiros con competencias delegadas.

Dos grupos da oposición, do grupo municipal do Partido Popular, dous concelleiros tiveron dedicación exclusiva e unha concelleira dedicación parcial; do grupo municipal do PSdG- PSOE, un concelleiro con dedicación exclusiva e un parcial; o grupo municipal do BNG, un tivo dedicación exclusiva

O municipio de Santiago de Compostela atópase dentro do ámbito de aplicación do Título X da LRBRL, pola súa condición de capital de Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 121.1.c) LRBRL), pertencendo polo tanto ao grupo da denominada "Lei de Grandes Cidades", con que se designou popularmente á Lei 53/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Das distintas normas orgánicas necesarias para a adaptación da organización ao previsto no Título X da LRBRL, se encontraban aprobadas no ano 2015, as seguintes:

- 1.- Regulamento Orgánico do Pleno. Por acordo deste en sesión do 27 de decembro do 2007 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 31 de xaneiro do 2008.
- 2.- Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela, aprobado por acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 21 de decembro do 2011 e publicado no BOP da Coruña do 6 de marzo de 2012. No ámbito deste Regulamento que ten como, entre outras, como finalidade a determinación dos niveis esenciais da organización se nomearon para o exercicio 2014 e primeira metade do 2015 un total de 4 direccións de áreas ,totalizando cinco o número de órganos directivos do Concello, se ben non se procedeu a outros adaptacións e desenvolvementos organizativos ordenados pola Lei 53/2003 de modificación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, como é o caso da organización económico- financeira municipal. A partires da constitución da nova corporación, mantivéronse vacantes as catro direccións de área, e non foi ata a aprobación dos orzamentos de 2016 que se procedeu ao nomeamento de dous novos directores de área.

A plantilla media do Concello para o ano 2015, desglosada por colectivos e meses foi a seguinte:

CATEGORIA	XAN.	FEBR.	MARZ.	ABR.	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEM.	OUTUB.	NOVEM.	DECEM.
LABORAIS	172	171	166	166	182	171	164	166	179	179	179	180
FUNC. INTEGRADOS	208	206	206	205	204	204	204	203	202	202	200	200
FUNC. NOVO INGRESO	152	152	152	153	153	153	149	149	148	148	147	147
BOMBEIROS INTEGRADOS	25	25	25	23	23	22	22	22	22	21	21	21
BOMBEIROS NOVO INGRESO	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32	32
FUNC. INTERINOS	28	31	35	38	37	41	40	37	39	43	44	47
CONCELL/EVENT. EXFOGA/EXDES	7	7	7	7	7	7	9	9	9	9	9	9
CONCELL. EXENTOS EXFOGASA	8	8	8	8	8	8	8	8	8	8	8	8
FORMACIÓN	22	22	0	0	0	0	0	0	32	31	31	31
TOTAL	654	654	631	632	646	638	628	626	671	673	671	675

Polo tanto, a media de traballadores durante o ano 2014 ascendeu a 650 persoas, pouco inferior ás 657 do exercicio 2014.

En canto aos organismos e entes dependentes, o Concello de Santiago de Compostela, conta cun Organismo Autónomo local de carácter administrativo con personalidade xurídica e patrimonio propio dende o ano 1991: o Auditorio de Galicia, que ten por obxecto a elaboración, deseño e execución dos programas e actividades culturais.

O Concello participa como socio único en dúas sociedades anónimas:

- TUSSA (Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano), constituída en 1999 co obxectivo de unificar as competencias en materia de transporte na cidade de Santiago de Compostela.
- INCOLSA (Información e Comunicación Local) e a empresa municipal creada en 1999 polo Concello de Santiago para atender as necesidades de promoción da cidade especialmente no sector turístico.

Durante o ano 2012, entrou en proceso de liquidación e disolución a Empresa municipal de Vivenda e Chan (EMUVISSA) de capital integramente municipal, constituída no ano 2000, co obxecto de dotar Santiago de Compostela dun ente instrumental para a xestión do solo e vivenda.

A cesión do activo e pasivo da empresa escriturouse e quedou rexistrada no Rexistro Mercantil con data de 31 de decembro de 2012. O persoal da empresa quedou de facto absorbido e prestando servizos para o Concello, sendo incluídos na aprobación definitiva do cadro de persoal anexo ao orzamento de 2014 publicado o día 27 de xuño de 2013 (BOP número 121).



O Concello participa nas seguintes sociedades mixtas:

- Mercagalicia (Mercados Centrais de Abastecemento de Santiago): compañía mercantil, participada polo Concello, creada para mellorar en todas as ordes os ciclos de comercialización de produtos alimenticios a promoción, construción e explotación de mercados por xunto en Santiago e dos servizos complementarios que sexan precisos para a súa utilización e a comodidade dos usuarios.
- Xestión de actividade deportiva e espectáculos SL": sociedade mercantil participada polo Concello de Santiago de Compostela e ST Recreo, ocio e espectáculos SL, creada para o desenvolvemento de cantas actividades sexan precisas para a explotación de instalacións deportivas.
- Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela. Unha sociedade mercantil que ten por obxecto servir como apoio instrumental á Universidade de Santiago de Compostela para impartir idiomas, organizar exames para a obtención de títulos oficiais de español; organizar a edición de materiais destinados ao ensino do español para estranxeiros; organizar cursos especializados e monográficos, viaxes, excursións e actividades culturais relacionados con calquera actividade. Participan na sociedade a Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Santiago de Compostela, Turgalicia e a Asociación de Hostalaría e Asociación de Comerciantes (ACOTES).
- Sociedade para a promoción de iniciativas empresariais innovadoras". Sociedade mercantil que ten como finalidade potenciar o desenvolvemento de iniciativas empresariais partindo da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico da Universidade de Santiago de Compostela, para contribuír á consolidación na nosa cidade dun tecido produtivo e de servizos avanzados con matiz innovador. Participan na sociedade a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago de Compostela.

O Concello forma parte das seguintes entidades:

- Consorcio da Cidade de Santiago: entidade de dereito público de carácter interadministrativo, constituída en 1992 polas Administracións do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia e o municipio de Santiago de Compostela. Entre os seus fins destacan os de servir de apoio e de xestión ao Real Padroado da Cidade; asegurar o mantemento e a axeitada xestión das instalacións, equipamentos e servizos dotados como consecuencia de actuacións acordadas polo mesmo Real Padroado; e promover o exercicio coordinado das competencias da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e do municipio.
- Mancomunidad da Bisbarra de Santiago de Compostela creada en 2001 e integrada polos municipios de Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra, que traballa para a consecución de servizos comúns para os habitantes da bisbarra.



- Consorcio Galego de servizos de Igualdade e Benestar e o Consorcio do camiño francés.

O Concello forma parte dos seguintes Padroados e Fundacións, ademais da Fundación Refuxio de Animais:

- Fundación Torrente Ballester.
- Fundación Eugenio Granell
- Fundación para o deporte.
- Fundación Down Compostela.
- Fundación Compostela deporte.
- Fondo Galego de Cooperación e solidariedade.
- Fundación para o desenvolvemento da bisbarra de Santiago.
- Museo do Pobo Galego.
- Eixo Atlántico do noroeste peninsular.

2.4.- FONTES DE FINANCIAMENTO DO ESTADO DE INGRESOS DA ENTIDADE LOCAL.

En canto aos recursos que conforman o estado de ingresos do Presuposto, a entidade nítrese basicamente dos seus impostos e taxas, así como da cesión de rendementos recadatorios de impostos estatais e participación no fondo complementario de financiamento. O total dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes no ano 2015 ascendeu a 91.932.781,86 euros.

Cesión de tributos, Transferencias e subvencións correntes doutras Administracións.

Os rendementos de impostos estatais e o fondo complementario alcanzaron un importe bruto en concepto de entregas a conta mensuais de 24.171.528,12 euros (2.014.294,01 euros mensuais pola totalidade dos conceptos).

A esta contía, hai que engadir a liquidación do 2013, recibida nos conceptos nos que tivo un saldo positivo (Cesión sobre os Impostos Especiais sobre Alcohol e bebidas derivadas, sobre Produtos Intermedios, sobre a Cervexa, así como sobre Hidrocarburos), o que deu un saldo positivo por importe de 50.847,86 euros. Non obstante, destacar que dita liquidación arroxou unha agregación de saldos negativos (exceso de entregas a conta sobre liquidación final) por importe de 1.106.891,41 euros a reintegrar en vindeiros exercicios, cifra que aparece reflectida no Pasivo do Balance nas contas 1790 e 5290 xunto cos saldos pendentes de reintegrar das liquidacións dos exercicios 2008 por importe de 1.012.659,91 e 2009 por importe de 4.186.210,50 euros, o que da un importe total de 6.305.761,82 euros).



CONCELLO DE SANTIAGO

O reflexo contable das liquidacións negativas de PIE devoltas no exercicio 2015 ascendeu a 363.611,46 euros (debe terse en conta que, por terse ingresado e por ende compensado os meses de decembro en xaneiro dos exercicios seguintes, compútase unha devolución de decembro do 2014 e 11 devolucións de 2015).

O importe neto en cesión de tributos, fondo complementario de financiamento e compensación de IAE ascendeu no exercicio 2015 a 23.858.764,52 euros segundo o seguinte detalle:

Eco.	Descrición	Dereitos Reconocidos Totales	Por Devolución de Ingresos	Dereitos Reconocidos Netos
10000	IMPOSTO SOBRE A RENDA DE PERSOAS FISICAS	2.150.423,76	4.915,93	2.145.507,83
21000	IVE ENGADIDO	1.647.780,96	42.088,23	1.605.692,73
22000	IMPOSTO SOBRE O ALCOHOL E BEBIDAS DERIVADAS.	20.934,27	182,77	20.751,50
22001	IMPOSTO SOBRE A CERVEXA.	7.278,93	0,00	7.278,93
22003	IMPOSTO SOBRE AS LABORES DO TABACO.	212.603,52	0,00	212.603,52
22004	IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS.	376.643,87	57,87	376.586,00
22006	IMPUESTO SOBRE PRODUCTOS INTERMEDIOS.	698,91	0,00	698,91
42010	FONDO COMPLEMENTARIO DE FINANCIACIÓN.	16.958.345,28	316.366,66	16.641.978,62
42021	COMPENSACIÓN IAE	2.847.666,48	0,00	2.847.666,48
		24.222.375,98	363.611,46	23.858.764,52

ENTREGAS MENSUAIS BRUTO	24.171.528,12		
LIQ 2008 2014		12.808,95	
LIQ 2009 2014		52.950,56	
LIQ 2008 2015 (11 MESES)		58.016,97	
LIQ 2009 2015 (11 MESES)		239.834,98	
LIQUIDACIÓN POSITIVA 2013	50.847,86		
	24.222.375,98	363.611,46	23.858.764,52

A subvención ao transporte urbano cifrou a contía de 405.812,08 euros (0,441% dos ingresos correntes) porcentaxe moi similar ao exercicio 2014 por este mesmo concepto.

A cifra de dereitos recoñecidos procedente por participación nos ingresos da Comunidade Autónoma foi de 3.244.698,93 euros; para o financiamento do Plan Concertado, o programa de drogodependencia, programa de inclusión, etc. alcanzou a contía de 1.389.714,32 euros, representando o 1,512%% dos dereitos liquidados por operacións correntes. As subvencións a programas de emprego alcanzaron a contía de



CONCELLO DE SANTIAGO

681.082,26 euros, o que representa un 0,741%% dos ingresos correntes liquidados no ano 2015 e as destinadas a escolas infantís e comedores escolares ascenderon a 88.796,76 euros o que supón un 0,097%% dos ingresos correntes. A contía liquidada correspondente a comedores escolares é unha parte da achega contemplada no *Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello para a Xestión do servizo de comedor escolar*, no que se prevé un total de 106.800,00 euros para esta finalidade (16.500,00 euro no exercicio 2015; 53.400,00 euros e 36.900,00 no 2017), efectuándose os ingresos en función do establecido no propio convenio. As escolas infantís, pola súa parte, contan con unha previsión específica no marco do Plan Concertado de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, sendo o importe contemplado para esta finalidade no exercicio 2015 para as EOI de Meixonfrío, Fontiñas e Conxo de un total de 78.200,00 euros.

En canto á asignación económica derivada do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia por medio da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia subscrito no marco da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da Capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, ascendeu no ano 2014 a 2.325.000,00 euros, representando un 2,529% do ingreso corrente total liquidado.

As transferencias da Deputación ascenderon a 517.216,40 euros, que representaron un 0,563% no ano 2015. Tamén se referiron outras transferencias doutras entidades como o Consorcio da Cidade de Santiago para os lumes das festas do Apóstolo, por 217.106,13€.

As transferencias procedentes de fondo europeos alcanzaron a cifra de 311.165,05 euros, a maioría procedentes do programa Urbana Santiago Norte (os ingresos deste programa distribuíronse entre os capítulos 4 e 7 en función do ritmo de execución do gasto –corrente ou de capital- que financian) o que representou o 0,338% dos dereitos liquidados por operacións correntes.

Ingresos tributarios, prezos públicos e outros ingresos de xestión corrente.

Os ingresos tributarios e prezos públicos (Capítulos I, II e III), deducidos os que corresponden á cesión de tributos do Estado (4.369.119,42 euros), ascenderon 57.745.004,56 euros, o que representa un 62,812% dos ingresos correntes liquidados no 2015.

Dentro deste grupo de recursos, o Imposto sobre Bens Inmóveis é o máis importante, cifrando os dereitos recoñecidos netos a contía de 29.704.107,47 euros, o que representa un 32,311% sobre o total dos ingresos correntes.

Polo Imposto sobre Actividades económicas liquidáronse dereitos por unha contía lixeiramente superior á do ano pasado; 2.815.043,18euros, cun peso de 3,062% sobre o total de dereitos recoñecidos netos da agrupación de ingresos correntes.

As liquidacións correspondentes ao Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica seguen a tendencia á baixa; recoñecéronse dereitos por importe de 4.972.462,30 euros, e unha representación no conxunto de dereitos liquidados correntes de 5,409%.

No capítulo II, gañan peso as liquidacións polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras minoran un total de 1.071.914,22 euros, e representan un 1,166% dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes do total do estado de ingresos do presuposto liquidado en 2015.

No capítulo III recoñecéronse dereitos por importe de 16.907.136,33€, o que representa o 18,391% do total dos ingresos correntes. Dentro deles, podemos citar como os de maior relevancia os de recollida de lixo con 6.328.730,78 euros, as taxas pola ocupación do dominio público que en conxunto (artigo 33) ascenderon a 3.577.938,01€, cun notable peso da taxa por utilización de empresas subministradoras; as licenzas urbanísticas que alcanzaron unha cifra en termos de liquidación de 1.839.109,35 euros e as multas por infracción da ordenanza de circulación chegaron a un importe de 2.034.346,49 euros, todo en termos de dereitos recoñecidos netos.

Ingresos patrimoniais.

Liquidáronse por un contía de 819.080,14 euros, cun peso relativo do 0,891% sobre os dereitos liquidados por operacións correntes, liquidándose en concepto de concesións 315.458,75 euros.

Ingresos de capital non financeiros.

No ano 2015 non houbo liquidación algunha no capítulo 6 e ingresos, que reflectiría os que proveñen do alleamento de investimentos reais, e se recoñeceron no VII por importe de 3.293.699,93 euros, o que representa o 3,351% dos dereitos recoñecidos totais. A estrutura destes dereitos liquidados foi a seguinte:

- Subvención do Estado convenios Rehabilitación: 255.684,68 €
- Subvención do Estado, Parque Angrois: 189.082,53 €
- Subvención RENFE, Parque Angrois: 34.000,00 €
- Subvención da CCAA para investimentos no Centro de Información á Muller: 1.978,28 €
- Subvención do Instituto Galego de Vivenda e Solo, convenios Rehabilitación: 169.716,30 €



CONCELLO DE SANTIAGO

- Subvención da Deputación POS, DTC e outros investimentos menores: 721.178,91 €
- Subvencións varias da Deputación: 11.230,35 €
- Subvencións da Unión Europea para o financiamento de investimentos de capital do programa Urbana Santiago Norte: 1.910.828,88 €.

Ingresos de capital de natureza financeira.

Durante o ano 2015 os ingresos de natureza financeira que se teñen liquidados no capítulo 8 se corresponden cos reintegros dos anticipos de persoal por importe de 76.182,99 €. O importe de 2.976.081,86 euros no capítulo 9 correspóndese coa contía disposta neste exercicio do préstamo contratado por 6.000.000€ no ano 2014 para financiar inversións coa entidade La Caixa (2014-1-LACAIX01).